

ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 09 DE XULLO DE 2019.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E QUINCE MINUTOS** do día **NOVE DE XULLO DE DOUS MIL DEZANOVE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia das tenentes de Alcalde **MÓNICA GONZÁLEZ CONDE** e **ÁNGELA MARÍA TROITIÑO GIL** e os concelleiros **ANTONIO FERRO LOSADA** e **JESUS TABOADA LÁZARA**.

Secretario da Corporación: **DAVID GARCÍA LAREO (Secretario accidental)**.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTAS ANTERIORES.**
- 2º.- **EXPTE. 910/2019. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO URXENTE DAS OBRAS "VIVEIRO DE EMPRESAS - AREA 33 (Silleda)".**

1º.- **ACTAS ANTERIORES.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación as seguintes Actas:

- 27 de xuño de 2019 (Constitutiva)

2º.- **EXPTE. 910/2019. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO URXENTE DAS OBRAS "VIVEIRO DE EMPRESAS - AREA 33 (Silleda)".**

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 22 de maio de 2019 acordou:

"PRIMEIRO: APROBAR o expediente de contratación, por procedemento aberto e tramitación urxente, das obras de **VIVEIRO DE EMPRESAS - AREA 33 (Silleda)**, cun orzamento base de Licitación de:

O valor **estimado do contrato** ascende á contía de 288.500,19 € euros (IVE excluído); (o IVE ascende a 60.585,04 €).

SEGUNDO.- A adjudicación deste contrato queda condicionada á existencia de crédito previa entrada en vigor do expediente de MC 18/2019.

TERCEIRO.- Nomear como Director das Obras ó Arquitecto municipal, Dº Lino Manuel Doporto Framil.

CUARTO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato."

Visto que publicado anuncio de licitación presentáronse ofertas por parte de:

-Núm. de rexistro de entrada: 2.476, de 17 de xuño de 2019
Empresa: INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S. L.

-Núm. de rexistro de entrada: 2.467, de 17 de xuño de 2019
Empresa: ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS,S . L.

-Núm. de rexistro de entrada: 2.466, de 17 de xuño de 2019
Empresa: CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S. L.

-Núm. De rexistro de entrada: 2.499 , de 18 de xuño de 2019
Empresa: DENUEVO PUNTO CREATIVO, S. L

Vistas as Actas da Mesa de Contratación, celebradas o día 28 de xuño de 2019, na que se sinala:

Acta da Mesa de Contratación: Apertura Sobre A:

*"-Empresa: CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S. L. Non se observa defecto.
-Empresa: ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S. L. Non se observa defecto.
-Empresa: INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S. L. Obsérvase defecto na documentación.
-Empresa: DENUEVO PUNTO CREATIVO, S. L.. Non se observa defecto.*

Despois de comprobar as proposicións, decidese solicitar á empresa INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S. L. a subsanación dos defectos detectados."

Acta da Mesa de Contratación: Apertura Sobre B:

"Subsadanado o defecto por parte da empresa INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S. L., procédese á apertura dos sobres "B", que conteñen a documentación cuxa ponderación depende dun xuízo de valor, co seguinte resultado:

*-Empresa: CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S. L. Non se observa defecto.
-Empresa: ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S. L. Non se observa defecto.
-Empresa: INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S. L. Non se observa defecto.
-Empresa: DENUEVO PUNTO CREATIVO, S. L.. Non se observa defecto.*

A mesa acorda trasladar ao Arquitecto Municipal a documentación contida nos sobres "B", a fin de que sexa emitido o informe técnico coa valoración correspondente."

Visto que, unha vez emitido polo Arquitecto Municipal informe da valoración (xuízos de valor) das mesas con arranxo aos criterios e as ponderacións establecidas no Prego, de data 08 de xullo de 2019.

Vista a Acta da Mesa de Contratación, celebrada o día 08 de xullo de 2019, na que se sinala:

Acta da Mesa de Contratación: Apertura Sobre C:

"ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS "VIVEIRO DE EMPRESAS ÁREA 33" DE SILLEDA.

Reunidos na sala de xuntas da casa consistorial, o día 08/07/2019 ás 10,50 horas, constitúese a mesa de contratación para a adxudicación das obras VIVEIRO DE EMPRESAS ÁREA 33 DE SILLEDA, formada por D. Manuel Cuiña Fernández (Alcalde do Concello), que actuará como presidente; D. Lino Manuel Doporto Framil (Arquitecto do Concello); D. David García Lareo (Secretario accidental do Concello), que actuarán como vogais, e D. Julio Méndez Castro, que actuará como secretario da mesa.

Acude tamén o representante da empresa INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S. L., D. Javier Díaz Rey.

Queda a Mesa constituída, e se prodede á lectura do informe do Técnico Municipal, D. Lino Manuel Doporto Framil sobre a documentación do sobre B cuxa ponderación depende dun xuízo de valor. Atendendo ás valoracións do mesmo, as empresas reciben a seguinte puntuación:

- INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S. L.	42 puntos
- ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S. L.	44 puntos
- CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S. L.	50 puntos
- DENUEVO PUNTO CREATIVO, S. L.	23 puntos

Trascribese literalmente o informe mencionado:

Expediente	910/2019
Emprazamento	Polígono Industrial Área 33, Silleda
Referencia catastral	36052A049005260001LB
ASUNTO:	Informe contido sobres B da licitación do Viveiro de Empresas de Silleda

ANTECEDENTES

1. O Concello de Silleda licita o proxecto de construción de viveiro de empresas no polígono empresarial de Silleda, segundo proxecto redactado por Lena De Oliveira Amorim asinado dixitalmente o 19 de maio de 2019, mediante publicación no perfil o Contratante de día 31 de maio do 2019 (Expediente 910/2019).

2. Constan no expediente as seguintes ofertas:

Registro de Entrada		Empresa
nº	Día	
2019-E-RC-2466	17/06/2019	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S. L.
2019-E-RC-2467	17/06/2019	ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S. L.
2019-E-RC-2476	17/06/2019	INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S. L.
2019-E-RC-2499	18/06/2019	DENUEVO PUNTO CREATIVO

3. O "Prego de cláusulas administrativas particulares para contrato de obras por procedemento aberto: Viveiro de Empresas de Silleda. Area 33", que se publicou no perfil do contratante xunto coa documentación de proxecto, establece, na súa cláusula undécima: "Criterios de Adjudicación" o seguinte:

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta atenderase a unha pluralidade de criterios de adjudicación en base á mellor relación calidade-prezo.

A. Criterios cuantificables automaticamente:

Criterios avaliados de forma automática (50 puntos).

Subcriterio	Puntuación	Baremo
Oferta económica.	De 0 a 10 puntos	Valorarase segundo a seguinte fórmula: a) Prezo ofertado: valorarase de 0 a 10 puntos, segundo a seguinte regra: $P_i = P_{max} [(Tipo\ de\ licitación - O_i) / (Tipo\ de\ licitación - OM)]$ P_i : Puntuación da oferta i P_{max} : Puntuación máxima deste criterio O_i : Oferta i OM : Oferta máxima
Outros criterios/	De 0 a 40 puntos	a) Aumento do prazo de garantía.(ATA 10 PUNTOS)Os

Melloras	licitadores poderán ofertar o aumento do prazo de garantía sobre o mínimo de dous anos. Os aumentos do prazo de garantía ofertados expresaranse en n° de anos e se entenderá a efectos do prazo total de garantía que se suman ao prazo inicial de dous anos contemplado: 1 ANO-----2,5 PUNTOS; 2 ANOS----5,0 PUNTOS; 3 ANOS.....7,5 PUNTOS; 4 ANOS..... 10 PUNTOS. b) Urbanización exterior da parcela, segundo especificacións que constan en plano que se xunta e que forma parte de este prego.(Ata 30 puntos)
----------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

B. Criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor:

Criterios avaliados de forma non automática (50 puntos).

Para a valoración deste apartado (ata un máximo de 50 puntos) terase en conta a documentación aportada polo licitador, valorándoa da seguinte forma:

Subcriterio	Puntuación
1) Programa de construción das obras	Ata 20 puntos
2) Memoria descritiva do proxecto de execución	Ata 20 puntos
3) Programa de actuacións mediambientais	Ata 10 puntos

1) Programa de construción das obras: ata 20 puntos

1.1) Enumeración e descrición das actividades a realizar, debendo xustificar os rendementos previstos que garantan o prazo ofertado. Ata 10 puntos.

1.2) Diagrama de Gantt con desenvolvemento das unidades de obra, indicando as actividades que condicionan dita obra ao derivarse das actividades críticas. Ata 10 puntos.

2) Memoria descritiva do proxecto de execución: Ata 20 puntos

2.1) Fichas de dimensionamento dos equipos de traballo dedicados ao contrato: ata 7 puntos

2.2) Relación de fontes de suministro de materiais, validación destas, no se caso, e análise das necesidades de almacenamento e de instalación auxiliares: ata 7 puntos.

2.3) Estudo dos medios de transporte e das plantas de produción de materiais: ata 6 puntos

3) Programa de actuacións mediambientais: Ata 10 puntos

3.1) Identificación das unidades de obra e procesos constructivos que poidan xerar impactos, as medidas a adoptar para a súa eliminación, diminución ou corrección, así como Emprego de materiais con certificados de explotación sostibles, reciclados ou reciclables: ata 3 puntos

3.2) Organización física da obra: Ata 4 puntos

3.3) A xestión de residuos xenerados durante a execución, e a identificación dos requisitos legais ambientais que sexan de aplicación: Ata 3 puntos.

INFORME

4. Unha vez analizada a documentación aportada nos sobres B das ofertas e sinalada máis arriba, procédese, en primeiro lugar, a analizar a integridade documental da documentación aportada, e, posteriormente, a avalialas segundo o baremo sinalado máis arriba, tendo sempre presente o curto prazo no que deben estar rematadas as obras e primando as solucións que aborden con garantías este aspecto.

5. En consecuencia, propónse a puntuación das catro ofertas segundo se sinala a continuación:

Documento	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S. L.	ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S. L.	INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S. L.	DENUEVO PUNTO CREATIVO
	Puntuación	Puntuación	Puntuación	Puntuación
<i>Criterios cuantificables automáticamente</i>				
<i>Criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor:</i>				
<i>1) Programa de construción das obras: ata 20 puntos</i>				
<i>1.1) Enumeración e descrición das actividades a realizar, debendo xustificar os rendementos previstos que garantan o prazo ofertado. Ata 10 puntos.</i>	10	7	10	8
<i>1.2) Diagrama de Gantt con desenvolvemento da unidades de obra, indicando as actividades que condicionan dita obra ao derivarse das actividades críticas. Ata 10 puntos.</i>	10	10	9	9
<i>2) Memoria descriptiva do proxecto de execución: Ata 20 puntos</i>				
<i>2.1) Fichas de dimensionamento dos equipos de traballo dedicados ao contrato: ata 7 puntos</i>	7	6	6	0
<i>2.2) Relación de fontes de subministro de materiais, validación destas, no se caso, e análise das necesidades de almacenamento e de instalación auxiliares: ata 7 puntos.</i>	7	7	4	3
<i>2.3) Estudio dos medios de transporte e das plantas de produción de materiais: ata 6 puntos</i>	6	6	6	0
<i>3) Programa de actuacións medioambientais: Ata 10 puntos</i>				
<i>3.1.) Identificación das unidades de obra e procesos constructivos que poidan xerar impactos, as medidas a adoptar para a súa eliminación, diminución ou corrección, así como Emprego de materiais con certificados de explotación sostibles, reciclados ou reciclables: ata 3 puntos</i>	3	3	3	3
<i>3.2) Organización física da obra. Ata 4 puntos</i>	4	4	2	0
<i>3.3) A xestión de residuos xenerados durante a execución, e a identificación dos requisitos legais ambientais que sexan de aplicación: Ata 3 puntos.</i>	3	1	2	0
	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S. L.	ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S. L.	INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S. L.	DENUEVO PUNTO CREATIVO
TOTAL	50	44	42	23

A continuación procédese á apertura dos sobres C, que conteñen a proposición económica e a documentación cuantificable de forma automática co seguinte resultado:

1.- Proposición económica (co I.V.E. incluído)

- INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S. L.
Proposición económica.- 324.838,52.- €10 puntos
- ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S. L.
Proposición económica.- 348.601,00.- €0,20 puntos
- CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S. L.
Proposición económica.- 328.139,90.- €8,64 puntos
- DENUEVO PUNTO CREATIVO, S. L.
Proposición económica.- 341.579,90.- €3,10 puntos

2.-Outros criterios/melloras cuantificables de forma automática.

- INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S. L. 40 puntos
- ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S. L. 20 puntos
- CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S. L. 40 puntos
- DENUEVO PUNTO CREATIVO, S. L. 40 puntos

Unha vez valorados todos os criterios, as puntuacións finais quedan da seguinte maneira:

- INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S. L. 92 puntos
- ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S. L. 64,20 puntos
- CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S. L. 98,64 puntos
- DENUEVO PUNTO CREATIVO, S. L. 66,10 puntos

Polo tanto, vistas as puntuacións correspondentes, a Mesa de contratación propón ao Órgano de Contratación como adjudicataria da obra "**VIVEIRO DE EMPRESAS ÁREA 33**" DE SILLEDÁ á Empresa CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S. L."

Considerando a oferta mais ventaxosa é a presentada por CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L., a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- ACEPTAR a proposta realicada pola Mesa de Contratación de data 08 de xullo de 2019, en relación a contratación da obra por procedemento aberto urxente "**VIVEIRO DE EMPRESAS - AREA 33 (Silleda)**", na que se propón para a contratación a empresa **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.**, polo prezo de 271.190,00 € mais IVE (56.949,90 €), así como as melloras incluídas na oferta.

Segundo.- Requirir a empresa **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.**, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 140.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, así como de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2, e de constituir a garantía definitiva dun 5% do importe de adjudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Terceiro.- Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as trece horas e trinta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 09 de xullo de 2019

Vº e Prace
O ALCALDE,
Asdo. Manuel Cuiña Fernández

O SECRETARIO acctal.
Asdo. David García Lareo